



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 25 de setembro de 2020, apróbase a Convocatoria e as Bases Específicas para a selección de persoal temporal dun/dunha "**Animador turístico**" (PROGRAMA: FOMENTO DE EMPREGO 2020 - PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020 DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO) e creación dunha listaxe de emprego temporal.

CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder á provisión, con carácter provisional, do seguinte emprego no Concello de Alfoz.

Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de "**Animador turístico**":

- **Nº empregos:** 1.
- **Denominación:** Animador turístico - Programa Fomento de Emprego 2020 - Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.
- **Réxime Xurídico:** Funcionario interino (art. 10.1.c/ EBEP).
- **Clasificación:** Grupo C - Subgrupo C2.
- **Duración vínculo de servizo:** 11 meses desde a formalización do contrato e cun límite temporal do 30/09/2021.
- **Duración xornada:** Media xornada (50%)

Listaxe de emprego temporal para a praza de "**Animador Turístico**"

- **Modalidade da listaxe:** Específica

O extracto da convocatoria e as bases específicas publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web (www.concellodealfoz.com).

Prazo de presentación: Será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

Lugar de presentación: Será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DUN EMPREGO: "ANIMADOR TURÍSTICO", COMO FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.C/ EBEP), A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE ALFOZ (PROGRAMA: FOMENTO DO EMPREGO 2020 - PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020 DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO), E CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL.

1. OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases específicas, que complementan as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal para prestar servizos no concello de Alfoz publicadas no BOP de Lugo de data 23 de novembro de 2017, a regulación do procedemento de selección mediante sistema de concurso-oposición do posto de "**ANIMADOR TURÍSTICO**" a xornada parcial (50%) ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego 2020 de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 da Deputación provincial de Lugo, publicado no BOP de Lugo de data 3 de abril de 2020.

2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARÁCTERÍSTICAS:

- **DENOMINACIÓN:** Animador turístico.
- **Grupo/subgrupo Profesional:** C/C2.

- **Réxime Xurídico:** Funcionarial (funcionario interino do artigo 10.1.c/ “*execución de programas de carácter temporal*” do RDL 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
 - **DURACIÓN DO VÍNCULO de servizo:** 11 meses desde a formalización do contrato e cun límite temporal do 30/09/2021.
 - **tempo Xornada:** A media xornada (50 % xornada).
 - **cometido funcional:** Consistirá na realización de funcións propias de atención, información e realización de actividades, en calquera tipo de medio, encamiñadas a promoción turística do Concello de Alfoz.
- 3.- **RETRIBUCIÓN:** Soldo correspondente ao Grupo/Subgrupo Profesional C/C2 e Nivel Complemento de Destino: 16. (Dúas pagas extras ou, se é o caso, a parte proporcional correspondente).

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais:

Titulación Académica mínima necesaria para participar no proceso selectivo: Diplomados en Educación Secundaria Obrigatoria e equivalentes.

b) Específicos:

- Estar inscrito na Oficina de Emprego en situación de desemprego ou de mellora de emprego, que deberá acreditarse con certificación ou informe da Oficina de Emprego.
- Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: CELGA 3 ou se carece desta acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

5. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN.

5.1. FASE DE OPOSICIÓN.

A proba a realizar na fase de oposición será de carácter teórico e a súa finalidade é que as persoas aspirantes poidan amosar os seus coñecementos sobre as materias comúns e as materias específica contidas no programa.

- A proba poderá consistir, segundo determine o Tribunal, en:
 - **Primeira opción:**
 - **A)** Exame tipo test sobre os temas incluídos no apartado de materias común do programa.
 - **B)** Exposición por escrito dun tema, ou dunha parte deste, das materias específicas do programa, determinado por sorteo diante das persoas participantes.
 - **Segunda opción:**
 - Nun exame tipo test que abrangue a totalidade do programa (materias comúns e específicas).
 - O Tribunal determinará:
 - O número de preguntas do exame tipo test.
 - O tempo para a realización da proba.
 - Os criterios de corrección, podendo penalizar no exame tipo test as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.
 - A lectura pública polos aspirantes dos seus exercicios escritos sobre o tema específico, así como a realización de preguntas ou aclaracións necesarias que versarán sobre a materia obxecto da proba.
 - Esta proba é obrigatoria e eliminatória.
 - Cualificarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 10 puntos.

5.2. FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 12 puntos).

Criterios xerais para todos os apartados do baremo:

- Só se valorarán os méritos que a xuízo do Tribunal estean debidamente acreditados.
- Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións do emprego convocado.

5.2.1 Experiencia profesional (puntuación máxima de 7 puntos).

Criterios xerais:

- O cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.
- A experiencia nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público puntuarase se a relación de servizos é funcionarial, laboral ou, se é o caso, autónoma.
- No suposto de ser autónomo a puntuación realizarase segundo o tempo certificado polas Administracións Públicas ou polas Entidades do Sector Público que corresponda.
- A puntuación da experiencia profesional en entidades privadas realizarase en atención a denominación dos servizos prestados que figuren no contrato de traballo ou na nómina.

Criterios de puntuación:**a) Experiencia profesional nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público.**

- Desempeño nas mesmas prazas/postos/empregos que se convoca: Valorarase a razón de 0,18 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño da prazas/postos/empregos con funcións similares: Valorarase a razón de 0,10 puntos por cada 30 días de traballo.

b) Experiencia profesional en Entidades Privadas.

- Desempeño dos mesmos postos/empregos: Valorarase a razón de 0,12 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño de postos/empregos similares: Valorarase a razón de 0,07 puntos por cada 30 días de traballo.

5.2.2. Formación académica (puntuación máxima de 1 punto).**Criterios xerais:**

Non se puntuarán as titulacións académicas requiridas no proceso selectivo que se convoca.

Criterios de puntuación:

- Por titulación do mesmo nivel á requirida: 0,25 puntos.
- Por titulación de nivel superior á requirida: 0,50 puntos.
- Por titulación moi relevante para o desempeño das funcións do posto: 1 punto.

5.2.3. Formación Complementaria (puntuación máxima 4 puntos).**Criterios xerais:**

- So se valorarán os cursos convocados, impartidos ou homologados pola Administración Pública.
- Non se puntuarán as asignaturas ou materias que formen parte dunha titulación académica, nin de masters propios.
- Os cursos de informática valoraranse sempre que o Tribunal considere que son necesarios para realizar as tarefas do emprego.
- Non se puntuarán as accións formativas que non acreditan as horas de duración.

Criterios de Puntuación:

- Cursos, xornadas, seminarios, congresos, masters propios e similares, que a criterio do Tribunal estean relacionados co posto de traballo:

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,010
Aproveitamento.	0,013
Impartir cursos.	0,015

6.- PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas

selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”.

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego CELGA 3 deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

7. REQUISITO PREVIO Á CONTRATACIÓN.

Conforme ao artigo 7.1 das Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, publicadas no BOP de Lugo número 77 do día 3 de abril de 2020, no programa de Fomento de Emprego, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custos de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

A persoa que sexa proposta para este posto de “Animador Turístico”, deberá presentar, ademais da documentación especificada nas bases xerais, a seguinte documentación:

- Certificación da Oficina de Emprego onde se acredite que está desempregado ou en mellora de emprego.

8. PROGRAMA PRAZA/POSTO/EMPREGO DE ANIMADOR TURÍSTICO:

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns.

Tema 2.- A lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- O Concello de Alfoz. Encadre territorial e poboacional.

Tema 2.- Recursos turísticos do Concello de Alfoz.

Tema 3.- A lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia.

Alfoz, 25 de setembro de 2020.- O Alcalde, JORGE VAL DÍAZ.

R. 2262

CASTRO DE REI

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Aprobado por Decreto de Alcaldía de data 22 de setembro de 2020 o Padrón Tributario das taxas pola prestación dos servizos de Abastecemento de auga, Saneamento e Recollida de lixo e Canon da auga, correspondente ó 1º trimestre de 2020, exponse ó público durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP, para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación e as liquidacións consignadas no referido Padrón contributivo e notificadas colectivamente perante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do Canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, o comprendido entre o 1 de outubro e o 1 de decembro de 2020, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Ó resto seranlles enviados ó domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago en calquera das sucursais bancarias do Concello de Castro de Rei.

A falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Castro de Reu, 23 de setembro de 2020.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2263

O CORGO

Anuncio

LISTA PROVISORIA ADMITIDOS E EXCLUIDOS PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA OS TRABALLOS DE RECOMPILACIÓN DA LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL E ETNOGRÁFICA DO CORGO

O Sr. Alcalde, o día 24 de setembro, e de conformidade co establecido na base quinta da convocatoria, ditou Resolución na que se contén a seguinte LISTA DE PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO SELECTIVO DE PERSOAL PARA OS TRABALLOS DE RECOMPILACIÓN DA LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL E ETNOGRÁFICA DO CORGO.

De conformidade co establecido na base QUINTA da convocatoria, ábrese un prazo de 5 días hábiles para subsanación de defectos, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación desta lista no BOP de Lugo.

LISTA PROVISORIA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS:

Admitidos:

NOME E APELIDOS	DNI	EXERCICIO DE GALEGO
BRAIS CELA ÁLVAREZ	***4432**	TEN QUE REALIZAR
MARÍA DE LA O LÓPEZ ABELEDO	***9804**	EXENTO
BEGOÑA GONZÁLEZ AGUIAR	***7042**	EXENTO
ANGELA MUÑOZ ÁLVAREZ	***8004**	EXENTO
SERGIO PEREIRA IBÁÑEZ	***6948**	EXENTO
VÍCTOR PÉREZ LÓPEZ	***4294**	EXENTO
DANIEL MANUEL VÁZQUEZ VILA	***2075**	EXENTO
IRENE BOUZAS MARTUL	***6072**	EXENTO
XOSÉ LOIS LADRA FERNÁNDEZ	***9348**	EXENTO
MARINA GÓMEZ MENDIA	***9776**	EXENTO
DAVID MIGUEL RODRÍGUEZ MARTÍNEZ	***4916**	EXENTO
MARINA PÉREZ TORO	***6022**	EXENTO
SALUSTIANO FERREIRAS MUINELO	***4468**	EXENTO
MIRIAM PARAJES VARELA	***5946**	EXENTO
NARCISO OUBIÑA MARTÍNEZ	***6609**	EXENTO
ANTONIO VIDUEIRO RODRÍGUEZ	***7614**	EXENTO
GEMA SANJURJO RODRÍGUEZ	***6193**	EXENTO

Excluídos:

NON HAI

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca.

O Corgo, 24 de setembro de 2020.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 2264

GUITIRIZ

Anuncio

Convocatoria para a actualización da bolsa de emprego temporal de limpadores anos 2020-2022. Expte. 609/2019.

Mediante Decreto por avogación da Alcaldía de data 24/09/2020 aprobáronse as bases e convocatoria para a actualización da bolsa de emprego temporal de limpadores anos 2020-2022 para o Servizo de Medio Ambiente e Infraestruturas.

O prazo de presentación de instancias será de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na páxina web municipal (www.concellodeguitiriz.com), na sede electrónica municipal (<http://guitiriz.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de Guitiriz, 25 de setembro de 2020.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2265

Anuncio

DELEGACIÓN DAS FUNCÍONS DE ALCALDÍA

Por resolución de alcaldía nº 2020-0632 de data 25/09/2020 delegouse as funcións de alcaldía na primeira tenente de alcalde, dona Paula Campo Barral, entre os días 28 de setembro e 5 de outubro de 2020, por ausencia da alcaldesa.

O que se publica de acordo co previsto no artigo 44.2 do RD 2568/1896, de 28 de novembro.

Guitiriz, 25 de setembro de 2020.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2266

Anuncio

Aprobado por Decreto da Alcaldía de 18 de setembro de 2020, o padrón da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase (vaos), correspondentes ao exercicio 2.020, expónse ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de quince días, a contar dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, ao efecto de exame e reclamacións, entendéndose que, no caso de non formularse reclamacións quedará elevado a definitivo.

Contra o mencionado padrón, poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, dende a finalización do prazo de exposición pública, ante a Alcaldesa deste Concello, ou calquera outro recurso permitido polo ordenamento xurídico.

O pago das Taxas de este anuncio será en período voluntario dende o día 1 de outubro ata o día 1 de decembro de 2020 (ambos incluídos), de luns a venres e de nove a catorce horas, na tesourería municipal ou nas entidades financeiras colaboradoras.

Advírtese aos contribuíntes que transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario das taxas, no prazo sinalado, as débedas esixiranse por vía de constrinximento, recargas, xuros de mora e custas que se produzan.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ao amparo do art. 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 21 de setembro de 2020.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2267

MURAS

Anuncio

Aprobación inicial de expediente de modificación de créditos do orzamento municipal do exercicio 2020 mediante transferencia de crédito

O Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 30 de setembro de 2020, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante transferencia de créditos entre partidas de distinto área de gasto por un importe de 125.402,33€

O devandito expediente permanecerá exposto ao público, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello, a efectos da presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2, en relación co 169, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente consideraranse definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Muras, a 1 de outubro de 2020.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2331

Anuncio

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ESTUDANTES PARA O CURSO 2020-2021

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 80 do capítulo II da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, refírese á compensación das desigualdades na Educación especificando *que “co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, as Administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorábeis e proverán os recursos económicos e os apoios precisos para iso”*.

Máis concretamente, o artigo 83 da citada Lei establece taxativamente *que “para garantir a igualdade a todos as persoas no exercicio do dereito á educación, os estudantes con condicións socioeconómicas desfavorábeis terán dereito a obter becas e axudas ao estudo. Na ensinanza postobligatoria as becas e axudas ó estudo terán en conta ademais o rendemento escolar do alumnado”*.

O acceso ó ensino é un dereito de toda a cidadanía, independentemente da súa situación económica e do seu lugar de residencia. Ao grande esforzo que lle supón ás familias a compra do material escolar, roupa, calzado, para os seus fillos e fillas, hai que engadirlle os gastos de transporte no ensino postobligatorio, gastos estes últimos, moi superiores pola nosa condición de concello rural.

Neste novo curso 2020-2021, os estudantes atoparase tamén cunha realidade na educación, aparecida xa a finais do curso pasado e consecuencia directa dos efectos da pandemia producida pola COVID-19. Trátase da ensinanza semipresencial, que pode darse en calquera momento, tan pronto como se aproben medidas de restrición de movementos polas autoridades competentes. Se se dera o caso, é necesario que os estudantes conten cunha conexión a Internet de velocidade media-alta, para combater a brecha dixital, polo que o concello co obxectivo de garantir que todo o alumnado de Muras matriculado en calquera nivel educativo conte con estes tipo de conexión, este goberno aprobará ademais das anteriores, outra axuda compatible e consistente nunha cantidade fixa de 100 euros.

O Concello, como Administración pública máis próxima á cidadanía, pode e debe poñer todos os recursos económicos dos que poida dispoñer para contribuír, mediante o establecemento de bolsas de estudos, aos gastos que lles supón ás familias o ensino dos seus fillos/as. O investimento na educación é sempre unha garantía de futuro para calquera sociedade.

Xa que logo, desde o Concello de Muras considérase necesaria a creación dun sistema regrado de bolsas escolares para estudantes do noso Concello.

1.- OBXECTO.

O Concello de Muras crea un fondo de subvencións en concepto de becas a familias do Municipio, co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades compensando solidariamente as desigualdades económicas e favorecendo a inclusión social, para, que desta maneira, evitar situacións de emerxencia social. Para elo, establécense becas coas seguintes finalidades:

- Para a compra de libros e material didáctico complementario para alumnos/as de educación infantil, primaria e secundaria, educación especial, bacharelato, formación profesional e estudos universitarios.

- Para gastos de alugueiro e transporte para alumnos de bacharelato, formación profesional e estudos universitarios.

- Para o gasto da conexión a internet, para todo o alumnado en todos os niveis educativos.

O concello comprométese a reservar unha partida orzamentaria suficiente con cargo á aplicación 326-48000 nos vindeiros orzamentos do ano 2021

2.- BENEFICIARIOS/AS.

2.1.- Teñen a condición de beneficiarios/as os/as estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o/a estudante estea empadroadado (xunto ao resto dos membros da súa unidade familiar (1) no Concello de Muras cunha antelación de 1 ano no momento da convocatoria e ata a finalidade do curso escolar para o que se lle concedeu a axuda; e que teña a residencia habitual e efectiva no Concello de Muras.

1) Segundo a Axencia Tributaria, constitúen Unidade familiar:

1. A formada polos cónxuxes non separados legalmente, e si os houbera:

a) os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentes destes.

b) os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

2. Nos casos de separación legal ou cando non existira vínculo matrimonial (solteiros, parellas de feito..), a formada polo pai ou a nai e tódolos fillos que convivan con un ou outro e cumpran os requisitos do apartado anterior.

Ninguén poderá formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

Para a determinación dos membros da unidade familiar terase en conta e a situación existente a data 31 de decembro de cada ano.

b) No caso de axuda para material didáctico complementario, que o/a alumno/a curse estudos de educación infantil ou primaria, en centros situados no Concello de Muras.

c) No caso de axuda por transporte e alugueiro, que o estudante curse estudos para os que fora necesario desprazarse ou aloxarse fóra do Concello durante a totalidade do curso lectivo. Para a adxudicación da contía ligada á residencia do/a estudante durante o curso requirirase que o/a solicitante acredite a necesidade de residir fora do domicilio familiar durante o curso, por razón da distancia entre o mesmo e o centro docente, os medios de comunicación existentes.

d) No caso de axuda a estudantes que cursen estudos universitarios, que o estudante estea matriculado en titulacións de estudos oficiais ou propios da Universidade fóra do Concello durante a totalidade do curso lectivo.

e) No caso de axuda para a conexión de internet, que o estudante estea matriculado en calquera curso de ensinanza regrada conducentes á obtención dun título oficial, durante a totalidade do curso lectivo.

f) No caso de educación postobrigatoria, que os/as estudantes teñan superado o curso e pasen ao seguinte e no caso de estudantes universitarios que teñan superado o 50% dos créditos das materias nas que se matricularon, sempre e cando a matrícula sexa superior a 48 créditos.

g) Que o/a beneficiario/a non teña axudas ou subvencións pendentes de xustificar ante o Concello de Muras.

Nos supostos dos estudantes que, cumprindo os anteriores requisitos, sexan menores de idade, terá a condición de beneficiario/a o pai, nai ou titor do mesmo.

2.2.- Os/As beneficiarios/as terán as seguintes obrigas ante o Concello de Muras:

- Cumprir a actividade obxecto da subvención

- Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións.

- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.

- Comunicar ante o Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

3.- SOLICITUDES.

3.1.- As solicitudes para a concesión da presente axuda formalizaranse no modelo de solicitude e demais anexos establecido a tal fin e presentarse no rexistro xeral do Concello e deberán acompañarse da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI do/a solicitante e do/a estudante. Fotocopia compulsada do libro de familia, no caso de que os nenos/as aínda non teñan DNI.

- Fotocopia compulsada da matrícula oficial de estudos ou certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo.
- Certificado ou copia cotexada do expediente académico do curso anterior.
- Certificado de discapacidade, de ser o caso.
- No caso de axudas para material didáctico complementario, factura de compra dos libros e material didáctico na que deberá constar a identificación do solicitante (ou pai/ nai/ titor/ gardador de feito) e o detalle do material adquirido, expedida cos requisitos previstos no RD 1496/2003, do 28 de novembro, Regulamento de facturación.
- No caso de axudas para aloxarse fora do municipio por motivos de estudo, copia do contrato de alugueiro, onde figure como titular do contrato o solicitante así como copia dos xustificantes do pagamento (deberanse aportar ao remate do curso escolar).
- No caso da axuda para conexión a internet, ademais do certificado acreditativo de que o solicitante cursa estudos, copias das facturas que acrediten o importe do gasto subvencionado, as cales deben ser posteriores ao inicio do curso (setembro de 2020).
- Copia cotexada da declaración do IRPF do último exercicio presentado de todos os membros da unidade familiar, só no caso dos solicitantes de axudas para estudos universitarios. Nos casos en que non exista obriga de presentar declaración do IRPF, presentárase o certificado de renda emitido pola AEAT. En base aos datos proporcionados nese certificado, deducirase a cantidade correspondente por cónxuxe e/ou por fillos/as sobre os rendementos brutos especificados.
- Autorización para a comprobación por parte do concello do empadramento no Concello de Muras do estudante e Certificado do solicitante de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.
- Datos bancarios do beneficiario para recibir a subvención.

3.2.- O prazo de presentación de solicitudes será de **vinte días naturais**, contando dende o día seguinte da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicación que irá acompañada de bandos no termo municipal para unha mellor difusión e publicidade da mesma e na páxina web oficial do concello www.muras.gal

4.- PROCEDEMENTO

4.1.- A instrución do procedemento corresponderalle a un/unha traballador/a do Departamento de Servizos Sociais, que deberá avaliar as solicitudes presentadas e requirir as emendas que procedan para que as mesmas cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases. O prazo de emendas será de dez días improrrogables; no suposto de que os defectos se consideren non emendables, o órgano instrutor propondrá a non admisión.

4.2.- Avaliadas as solicitudes polo órgano instrutor, emitirase proposta de resolución por parte da Alcaldía.

4.3.- Contía máxima:

Establécense os seguintes tipos de becas para libros, material complementario, transporte e aloxamento e conexión a internet, en función das etapas educativas, dotadas coas seguintes contías:

- Segundo ciclo de educación infantil (3 a 5 anos) : **Ata 50 €**
- Educación primaria (do primeiro ao sexto curso) : **Ata 50 €**
- Educación secundaria obrigatoria (do primeiro ao cuarto curso): **Ata 200 €**
- Bacharelato (do primeiro ao segundo curso): **Ata 200 €**
- Alumnado matriculado nun centro de educación especial ou en unidades de educación especial ou cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% : **Ata 250 €**. Non obstante, a contía da axuda poderá verse incrementada si estes/as alumnos/as se atopan nun curso Universitario ou de Formación Profesional, ata o maximo establecido para aqueles.
- Estudantes Universitarios e de Formación profesional:
 - 1.000€** si os ingresos da unidade familiar non son superiores a 3 veces o IPREM
 - 500€** si os ingresos da unidade familiar quedan entre 3 e 4 veces o IPREM
 - 350€** si os ingresos da unidade familiar superan 4 veces o IPREM
- Para todas as etapas educativas:
 - 100€** de axuda para a conexión a internet.

En caso de que a suma de todos os importes das solicitudes superen o crédito reservado para tal fin, efectuarase un prorrateo proporcional a todas as solicitudes.

5.- RESOLUCIÓN.

5.1.- O Alcalde, en base á proposta da Concellería correspondente, e previo o informe da Intervención Municipal, resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas. A resolución conterá a relación dos/das beneficiarios/as e os importes das axudas, así como as solicitudes desestimadas coa motivación que proceda.

5.2.- A notificación da resolución definitiva realizarase antes do remate do curso en vigor. Esta resolución notificarase ós beneficiarios, de acordo co artigo 42 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A falta de notificación no prazo establecido lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Asemade, a resolución de concesión publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello.

5.3.- Contra a resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer, de conformidade co preceptuado no artigo 123 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da notificación da presente resolución, ou directamente recurso contencioso administrativo ante ao Xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acordo.

Todo iso, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime conveniente en defensa dos seus intereses.

6.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

6.1.- Tratándose de axudas concedidas para aloxamento fora do municipio por motivos de estudo, requirirase a presentación de copia cotexada do contrato de alugueiro onde figure como titular do contrato o solicitante, así como os xustificantes de pagamento do alugueiro. Xunto coa solicitude deberase asinar unha declaración xurada de que o solicitante formalizou un contrato de alugueiro ou que o vai formalizar durante o curso. Deberase aportar esta documentación ao finalizar o curso escolar, e no caso de non ser aportada a axuda quedará revogada e procederá o reintegro da mesma.

Tratándose de axudas concedidas para libros, material didáctico e conexión a internet, a xustificación entenderase realizada coa presentación da factura dos gastos de adquisición dos libros e das facturas mensuais de conexión de internet, a unir á solicitude, de acordo co artigo 3 da ordenanza.

A falta de xustificación ou xustificación insuficiente dará lugar á perda do dereito da subvención por parte do/a beneficiario/a, polo que procederá a tramitación do reintegro da axuda por parte do órgano concedente e previo o informe da Intervención Municipal.

6.2.- O aboamento da subvención realizarase mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo/a beneficiario/a, no prazo de un mes dende o día seguinte a data da resolución.

7.- REINTEGRO

7.1.- Procederá o reintegro da axuda nos seguintes supostos:

- Falta de xustificación ou xustificación insuficiente
- Variación nas circunstancias que motivaron a concesión da axuda
- Demais supostos previstos no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións

7.2.- O reintegro estará suxeito ás disposicións previstas ao respecto nos artigos 36 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

8.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de becas ou subvencións.

ANEXO I.-SOLICITUDE DE AXUDAS A ESTUDANTES PARA O CURSO 2020-2021

DATOS	APELLIDOS E NOME DO/A SOLICITANTE:	NIF
	APELLIDOS E NOME DO PAI OU TITOR LEGAL:	NIF
	APELLIDOS E NOME DA NAI OU TITORA LEGAL:	NIF
	DIRECCIÓN	TELÉFONO
CONTA BANCARIA DE ABONO (IBAN):		
SOLICITUDE	SOLICITA que lle sexa concedida a axuda para:	
	<input type="checkbox"/> Libros de texto e material complementario <input type="checkbox"/> Conexión a internet <input type="checkbox"/> Axuda para alugueiro e/ou transporte.	
	correspondente ao <i>a</i> alumno/a EMPADROADO/A neste Concello cos seguintes datos:	
	APELLIDOS E NOME:	
	CURSO:	
CENTRO DE ENSIANZA:		

AUTORIZACIÓN

O/A Solicitante AUTORIZA SI NO ao Concello de Muras a obter a seguinte documentación:

- Certificado de empadramento.

-Certificado do solicitante de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:

Fotocopia do DNI do solicitante e do estudante.

Fotocopia do libro de familia, no caso de que os nenos/as aínda non teñan DNI.

Autorización para a comprobación por parte do concello do empadramento no Concello de Muras do estudante.

Fotocopia da matrícula oficial de estudos ou certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo.

Certificado ou copia do expediente académico do curso anterior (só estudos postobrigatorios)

No caso de **axudas para material didáctico** complementario, factura de compra dos libros e material didáctico .

No caso de **axudas para conexión a internet**, facturas que acrediten a conexión de datos, polo importe máximo subvencionado.

No caso de **axudas para aloxarse** fora do municipio por motivos de estudo, copia do contrato de alugueiro.

Certificado do solicitante de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.

Copia da declaración do IRPF do último exercicio presentado de todos os membros da unidade familiar ou certificado de renda emitido pola AEAT.

Os/as abaixo asinantes **declaran** baixo a súa responsabilidade que:

- Cumpren os requisitos esixidos nesta Convocatoria de axudas a estudantes para o curso 2020-2021 do Concello de Muras.

- Que se adquiriu os libros e/ou material escolar para o curso para o que se concede a axuda.

- Que os datos incorporados nesta solicitude axústanse a realidade, autorizando ao Concello a obter tanta información estime oportuna para a comprobación dos datos comunicados na solicitude, así como os relativos ao cumprimento das súas obrigacións tributarias e o cumprimentos dos requisitos establecidos para obter, percibir a axuda, así como a comprobación dos datos de escolarización do/a alumno/a e do empadramento no Concello de Muras do/a estudante.

En Muras a _____ de _____ de _____

ASDO. _____

ANEXO II.-CERTIFICADO MATRICULACIÓN

CERTIFICACIÓN	D/D ^a director/a ou tutor/a do Centro
	Educativo.....ERTIFICA que:
	D/D ^a está matriculado/a neste
	Centro e é alumno/a de.....(1).....(2)
	Asd.:..... (Selo e firma)

(1)Indicar o curso: primeiro, segundo,terceiro,cuarto, quinto ou sexto
(2)Indicar o ciclo: Infantil, primaria, secundaria ou educación especial

ANEXO III.-CERTIFICADO DO CENTRO ESCOLAR

(Cubrir no caso de que o/a alumno/a teña necesidades específicas de apoio educativo)

CERTIFICACIÓN	<p>D/D^a director/a ou tutor/a do Centro</p> <p>Educativo..... CERTIFICA que:</p> <p>O /A Alumno/arecibe apoio dende a unidade de educación especial do centro.</p> <p>Asd.:.....</p> <p style="text-align: center;">(Selo e firma)</p>
----------------------	--

ANEXO IV.- DILIXENCIA PARA CONSTATAR O EMPADROAMENTO NO CONCELLO.**DILIXENCIA**

Dilixencia para facer constar que os/as solicitantes e o/a alumno/a están empadroados no Concello de Muras cun ano de anterioridade á presentación desta solicitude.

Selo e Sinatura do/a funcionario/a

ANEXO V.- ACREDITACIÓN DA NECESIDADE DE SOLICITAR AXUDA DE TRANSPORTE E/OU ALUGUEIRO

DATOS	APELIDOS E NOME DO/A SOLICITANTE:	NIF
	APELIDOS E NOME DO PAI OU TITOR LEGAL:	NIF
	APELIDOS E NOME DA NAI OU TITORA LEGAL:	NIF
	DIRECCIÓN	TELÉFONO

EXPÓN	<p>Que tendo coñecemento da convocatoria de axudas a estudantes para o curso 2020/2021 do Concello de Muras, na que se conceden axudas de alugueiro e de transporte para estudantes universitarios ,así como do alumnado de ciclos medio e superior de formación profesional e bacharelato que teñan que desprazarse fora do Concello de Muras , por non existir acción formativa do ciclo ou bacharelato elixido neste municipio durante o curso 2020/2021 .</p> <p><input type="checkbox"/> Que reunindo as condicións da convocatoria teño que desprazarme a.....xa</p> <p>que curso estudos de</p> <p><input type="checkbox"/> Que reunindo as condicións da convocatoria teño que permanecer fora domicilio familiar</p> <p>toda a semana,xa que curso estudos de..... en</p> <p>E que tendo coñecemento de que para percibir esta axuda debo presentar no Concello de Muras (marcar segundo corresponda) :</p> <p><input type="checkbox"/> Os billetes , bonos, xustificante do medio de transporte utilizados correspondentes a cada período,ordenados por data (día e mes) ,</p> <p><input type="checkbox"/> O contrato e os recibos do alugueiro, ordenados por data (día e mes) .</p>

SOLICITA

Que tendo en conta o exposto anteriormente solicita a concesión dunha axuda para :

Transporte.

Alugueiro.

En Muras a ____ de _____ de _____

Asdo.: _____

Muras, 28 de setembro de 2020.- O Alcalde, Manuel Requejo Arnejo.

R. 2332

PALAS DE REI

Anuncio

Aprobada inicialmente a Modificación da Ordenanza Fiscal n.º 17 reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, publicada no Boletín Oficial da Provincia o 15 de xaneiro de 2020 (BOP N.º 011), a mesma expónse ao público na secretaria deste Concello por termo de trinta días, contados a partir da súa publicación no Boletín oficial da Provincia, período no cal non se presentaron alegacións, polo que se procede á publicación para a súa aprobación definitiva;

« ORDENANZA FISCAL Nº 17 REGULADORA DE LA TAXA PO LA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

ARTIGO 1.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución Española e polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Palas de Rei establece a Taxa pola prestación do servizo municipal de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, a que se refire o artigo 20.4 s) da Lei 39/88, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, normas que atenden ó previsto no art. 58 da citada Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2.- Feito imponible.

1.-Constitúe o feito imponible da taxa:

- a).- A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros.
- b).- A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede municipal de sumidoiros e o seu tratamento para depuralas se os vertidos se realizan a través da acometida á rede desde un inmovible.
- c).- A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede municipal de sumidoiros e o seu tratamento para depuralas se os vertidos se realizan a través da acometida á rede desde un depósito móbil.

2.- Non estarán suxeitas ás taxas as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

ARTIGO 3.- Suxeito pasivo

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria nos casos seguintes:

- a).- Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, o promotor, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.
- b).- No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios dos mencionados servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.
- c).- No caso de prestación de servizos do número 1.c) do artigo anterior, os que efectúen os vertidos.

2.-En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo o substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmovibles, nestes poderán repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4.- Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38, 39 e 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.- Cota Tributaria.

A cota esixírase de conformidade coas seguintes tarifas (IVE non incluído):

A) Aboados con subministración de auga potable para os metros cúbicos facturados en abastecemento de auga: 0,397 euros/m³.

B) Aboados sen subministración de auga potable; cota fixa:

- Vivendas familiares: 18,60 euros/ trimestre
- Comerciais: 18,60 euros/ trimestre
- Industriais y obras: 34,79 euros/trimestre.

C) Aboados con consumos en abastecemento de procedencia total ou parcial distinta a rede municipal:

Aquelas actividades económicas ou industriais que nos seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de alcantarillado un caudal superior ao consumido da rede, instalarán ao seu cargo aparatos para a medida do caudal vertido ao alcantarillado, dita medición servirá de base para a facturación do servizo por depuración de augas residuais.

De mutuo acordo entre Empresa e Concesionaria do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos de facturación.

A facturación será da cordo a seguinte tarifa:

Mínimo 45 m³/ab. trimestre: 0,392 €/m³

Exceso máis de 45 m³/ab. Trimestre: 0,392 €/m³

D) Acometidas de saneamento para unha lonxitude máxima de 5 metros

- Gabia en terra: 396,44 euros/ud.
- Gabia en asfalto: 434,94 euros/ud.
- Gabia en beirarrúa: 483,83 euros/ud.

Tódalas contías tributarias veranse gravadas co IVE correspondente.

ARTIGO 6.- Exencións e bonificacións

Non se concederá exención ou bonificación algunha.

ARTIGO 7.- Devengo.

1.- Cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impoñible devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, entendéndose esta iniciada:

- a).- Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida ou de vertido esporádico sen enganche á rede, se o suxeito pasivo a formulara expresamente
- b).- Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede municipal de sumidoiros ou o vertido efectivo no suposto recollido no apartado 1 c) do artigo 2. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza pertinente e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que pode instruírse para a súa autorización.

2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración, son de carácter obrigatorio para tódalas fincas do municipio que teñan fachadas a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

ARTIGO 8.- Declaración, liquidación e ingreso.

- 1.- Os propietarios de edificios e vivendas ou, se é o caso, os usuarios do servizo están obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuír.
- 2.- Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produza variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.
- 3.- Tratándose de inmobles que non dispoñen de servizo domiciliario de auga, as altas serán efectivas no mesmo ano en que se produzan e as baixas, no ano seguinte a aquel no que se declaren. Unhas e outras deberán ser postas en coñecemento da oficina xestora da taxa dentro dos quince días seguintes a aquel no que se produzan.
- 4.- No caso de inmobles de nova construción, os promotores, ó mesmo tempo que solicitan a licenza de obras, instarán tamén a autorización para realiza-las obras de acometida á rede xeral de sumidoiros, acompañando un xustificante de ter pagado a cota de acometida correspondente.
- 5.- Os propietarios, usufrutuarios ou titulares de dominio útil dos inmobles que non sexan de nova construción, interesados na concesión de licenza de acometida á rede de sumidoiros, están obrigados a presenta-la correspondente solicitude de acometida, achegando o xustificante de pago.
- 6.- Si se realiza a acometida sen mediar solicitude, procederase a practica-la liquidación, esixindo o ingreso nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente de sanción.

7.- As solicitudes de baixas serán de efecto a partir do semestre seguinte ó da súa presentación.

8.- Unha vez autorizada a acometida, o cobro da taxa realizarase trimestralmente, conxuntamente có da taxa por subministración de auga, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa aprobación do correspondente padrón aprobado polo órgano competente.

ARTIGO 9.- Infraccións e sancións:

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lles corresponden en cada caso, atenderase ó que se dispoña nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL: Unha vez a que se publique integramente o texto da presente Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia entrará en vigor, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

Contra o presente acordo, conforme establece o artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se probado o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderá interperse polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do seguinte o da publicación deste anuncio no Boletín Oficial a Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.»

Palas de Rei, 25 de setembro de 2020.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2268

Anuncio

Aprobada inicialmente a Modificación da Ordenanza Fiscal n.º 16 reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, publicada no Boletín Oficial da Provincia o 15 de xaneiro de 2020 (BOP Nº 011), a mesma expónse ao público na secretaria deste Concello por termo de trinta días, contados a partir da súa publicación no Boletín oficial da Provincia, período no cal non se presentaron alegacións, polo que se procede á publicación para a súa aprobación definitiva;

« ORDENANZA FISCAL N° 16 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

Artigo 6°.- Cota tributaria.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a determinada nas tarifas seguintes (I.V.E. non incluído):

Epígrafe 1. Vivendas familiares. Tarifas:

1.1 Mínimo de consumo 45 m³/ab. Trim.: 0,487 euros/m³.

1.2 Exceso: 0,530 euros/m³.

Epígrafe 2. Comerciais:

2.1 Mínimo de consumo 45 m³/ab. Trim.: 0,487 euros/m³.

2.2 Exceso: 0,530 euros/m³.

Epígrafe 3. Industriais e obras:

3.1 Mínimo de consumo 45 m³/ab. Trim: 0,559 euros/m³.

3.2 Exceso: 0,603 euros/m³.

Epígrafe 4. Cotas de conservación de acometidas de abastecemento: 0,302 Euros/Ab. mes

4.1.- Cotas de conservación de contadores: 0,361 euros/Ab. Mes.

Epígrafe 5. Acometidas.

Establécense diferentes prezos dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá (euros):

O Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-beirarrúa (C)
3/4"	205,49	264,51	315,02
1"	223,63	282,20	332,08
1 1/4" - 1 1/2"	269,00	328,28	378,11
2"	320,14	378,11	428,61

Incremento no prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 metros:

Acometidas Máis de 5 m	Incremento euros/m (A)	Incremento Euros/m (B)	Incremento euros/m (C)
3/4"	10,01	22,10	26,57
1"	11,736	23,84	28,19
1 1/4" - 1 1/2"	16,74	28,83	33,23
2"	28,11	40,18	44,55

Epígrafe 6. Contadores.

6.1 Instalación en batería de contadores ou similar (contador de 13/15 mm): 84,01 euros/ud.

6.2 Instalación en batería de contadores ou similar (contador de 20 mm): 106,62 euros/ud.

6.3 Instalación de contadores de diámetro superior a 20 mm: farase presuposto para cada caso.

6.4 Tarifa de contadores (sen colocación), tarifa:

0 mm	Euros por unidade
15	60,32
20	83,42
25	135,81
30	189,91
40	294,46
50	643,18
65	797,34

Epígrafe 7. Desprecintado de contador: 19,25 euros/unidade.

Epígrafe 8. Conexión a rede de abastecemento e precintado de racores non colocados polo persoal do servizo: 19,25 euros/unidade.

Epígrafe 9. A petición do abonado por comprobación da medición do contador do abonado con contador patrón: 19,25 euros/unidade.

Artigo 7º.- Devengo e período impositivo.

A taxa devengarase cando se presente a solicitude que inicie a prestación do servizo pertinente, que non se realizará sen que se efectuara o pago correspondente.

O período impositivo por subministración de auga será por trimestres naturais.

Artigo 8º.- Réxime de declaración e ingreso.

Unha vez autorizada a conexión a rede municipal de subministración de auga ou o cambio de titularidade, o suxeito pasivo deberá practicala declaración-liquidación (auto liquidación) conforme o sinalado na presente ordenanza. A taxa por subministración liquidarase trimestralmente mediante o correspondente padrón de auga aprobado polo órgano competente.

O cobro por subministro de auga realizarase mediante domiciliación bancaria, que é obrigatoria para tódolos abonados ó servizo. Debendo en todo caso facer efectiva a súa débeda dentro do prazo comprendido desde o día en que se inicie a xestión do cobro a través da entidade bancaria colaboradora ata o último día do mes seguinte. As cotas non satisfeitas no período citado esixiranse mediante o procedemento de constrinximento e na forma determinada nesta ordenanza.

Artigo 9.- Notificacións das taxas.

A taxa de períodos sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

Xestión de cobros ós aboados morosos: 4,38 euros/unidade, en concepto de gastos ocasionados pola comunicación certificada dos recibos pendentes de pago.

Tódalas contías tributarias veranse gravadas polo I.V.E. correspondente.»

Palas de Rei, 25 de setembro de 2020.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2269

Anuncio

Aprobada inicialmente a Modificación da Ordenanza Fiscal n.º 1 reguladora do imposto de inmobles, publicada no Boletín Oficial da Provincia o 15 de xaneiro de 2020 (BOP Nº 011), a mesma expónse ao público na secretaria deste Concello por termo de trinta días, contados a partir da súa publicación no Boletín oficial da Provincia, período no cal non se presentaron alegacións, polo que se procede á publicación para a súa aprobación definitiva;

“ORDENANZA FISCAL Nº1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES**Artigo 5.- Bonificacións**

1.- Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior ó seu remate, sempre que durante este tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso poida exceder de tres períodos impositivos.

2.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes o de concesión da calificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederáse a petición do interesado, e poderá efectuarse en calquera momento anterior ó remate dos tres períodos impositivos de duración de aquela e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

3.- Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra, e no seu caso, do recargo do imposto a que se refire o artigo 153 desta Lei, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

4.- Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto a favor de aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, bonificación que afectará a primeira residencia da familia ou vivenda habitual.

5.- Gozarán dunha bonificación da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, según o seguinte cadro:

Valoración Catastral Inmoble (solo + construción)	Bonificación
1 - 6.000,99 €	95 %
6.001,00 - 15.000,99 €	75 %
Mais de 15.001,00	50 %

No suposto que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmovible se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha.

Para poder aplicar esta bonificación os inmobles cuxa existencia motiva a súa solicitude, asa construcións agrarias deberán estar debidamente identificadas en Catastro.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao de presentación de solicitude.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria, gandeira ou forestal, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual. Copia do número de explotación agraria (CEA).
- Declaración de que no inmovible para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal. Dita declaración deberá vir asinada polo suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
- Copia do último recibo pagado do lixo da explotación agraria.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar no Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

Palas de Rei, 25 de setembro de 2020.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2270

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Acordada polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria de urxencia celebrada dezaseis de setembro de dous mil vinte a modificación da ordenanza fiscal que se relaciona a continuación:

- Número 1.01ª reguladora do IBI.

Faise público por prazo de trinta días a efectos de exame e alegacións, considerándose definitivamente aprobada de non presentarse ningunha nese prazo.

A Pobra do Brollón, 25 de setembro de 2020.- O alcalde, José Luís Maceda Vilariño.

R. 2271

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldía-Presidencia do Concello de Rábade de data 24 de abril do 2020 prestouse aprobación ao Padrón de licenzas de terrazas correspondente ao exercicio de 2020, por importe de 471,52 €. Exponse ao público polo prazo de vinte días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP á efectos de exame e reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcorrido o devandito prazo non se formularan reclamacións contra o mesmo. Asimesmo acórdase apertura do prazo de recadación en período voluntario o mes de outubro de 2020. Aos contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento, seranlles cargados nas súas contas bancarias respectivas. Terminado o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, iniciarase o período de constrinximento, cos recargos e xuros que establece a lexislación tributaria aplicable.

Rábade, 24 de setembro de 2020.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 2272

VILALBA

Anuncio

BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS PARA PROMOVER A ESCOLARIZACIÓN E A CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL DAS PERSOAS TRABALLADORAS DURANTE O CURSO ESCOLAR 2020-2021. Aprobadas na Xunta de Goberno Local de 28 de setembro de 2020. Expte 2936/2020

1. OBXECTO.

As presentes bases establecen os criterios e o procedemento para a concesión de axudas ás familias que precisen contratar servizos específicos para a conciliación da súa vida laboral e familiar por carecer de apoios no seu entorno.

2. FINALIDADE DA CONVOCATORIA.

En base ao establecido nos artigos 35 e 39 da Constitución Española, na Lei orgánica 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, así como nas letras n) e o) do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, estas axudas responden ao interese da Áreas de Educación, Igualdade e Políticas Sociais do Concello de Vilalba por artellar políticas apropiadas para dar cobertura ás necesidades das familias con menores a seu cargo (de 3 a 12 anos, ou ata 16 cando os menores teñan recoñecida una discapacidade igual ou superior ao 33%), que precisen conciliar a súa vida laboral e familiar durante o curso escolar 2020-2021.

Estas axudas só se poderán recibir polos servizos contratados fóra do horario dos centros escolares durante o curso escolar.

As axudas consistirán no pago dunha axuda polo gasto no que van incurrir as familias, pola contratación de persoas ou servizos (persoal coidador contratado cumprindo todos os requisitos establecidos legalmente, ludoteca, servizo de autobús) para o coidado dos seus fillos/as menores fóra do horario escolar mentres os seus proxenitores se atopan traballando.

As familias que opten pola contratación dun coidador/a, xa sexa directamente ou a través dunha empresa de servizos, poderán pedir unha única axuda aínda que a persoa coide a varios menores.

Se a familia optase por contratar centros de ocio ou similar/ transporte escolar, poderá solicitar unha axuda por cada menor a cargo.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade sempre que sumada ao importe deste axuda non se supere o 100% do gasto realizado.

O crédito total destinado á concesión de axudas ás familias para as actividades de conciliación durante o curso 2020-2021 ascende a TRINTA E CINCO MIL euros (35.000€). Este importe irá con cargo á aplicación orzamentaria 323.48900 do Orzamento Xeral do Concello de Vilalba.

3. CONDICIÓN.

Estas axudas teñen por obxecto proporcionar durante o curso escolar 2020-2021, condicionado pola crise económica e sanitaria derivada do Covid-19, un apoio económico que axude a costear un recurso de conciliación familiar e sociolaboral complementario, ante a incompatibilidade dos horarios laborais dos/as proxenitores e os centros de educación.

Dado que neste momento non é factible implementar un servizo de conciliación público nos centros educativos, que cumpra os protocolos xerais dos centros, e que poida dar resposta ás necesidades das familias terán a consideración de actividades subvencionables: O coidado dos e das menores, tanto no propio domicilio como en centros de ocio, así como o transporte ao centro educativo, durante a parte da xornada laboral dos proxenitores que non coincida co horario escolar dos menores.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES.

Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nas presentes bases as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que a unidade de convivencia careza de rede natural de apoio, considerándose esta a exercida pola nai e/ou pai, xustificada documentalmente pola incompatibilidade horaria derivada da súa xornada laboral e a imposibilidade de flexibilización do mesmo ou opción de teletraballo.
- Estar empadroadas no concello de Vilalba.
- A convivencia do/a menor coa persoa solicitante.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vilalba ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vilalba, coa Administración Estatal, coa Administración Autonómica e coa Seguridade Social.

f) Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. CONTÍA DA SUBVENCIÓN.

Cada solicitude terá dereito a unha cantidade máxima de 900 euros anuais (90 euros mensuais), sempre que o custo asumido pola persoa solicitante supere este importe, senón a axuda será polo importe máximo xustificado.

A fórmula para determinar a contía anual de cada subvención, en caso de que o total de solicitudes supere a cantidade máxima presupostada será o seguinte: Valor punto = Presuposto total (35.000€) / Total de puntos obtidos polas persoas solicitantes.

A fórmula a aplicar sería: CMS= Valor punto x puntos obtidos

A contía da subvención estará en función dos puntos obtidos.

A comisión de valoración outorgará a cada solicitude unha puntuación de acordo cos criterios establecidos.

O importe da subvención municipal non superará os 900 euros por solicitante na totalidade do curso (90 euros mensuais).

En ningún caso o importe da subvención será superior a cantidade solicitada.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN EN CASO DE QUE O NÚMERO DE SOLICITUDES SUPERE O CRÉDITO MÁXIMO.

A puntuación máxima para cada solicitude será de 20 puntos. Sendo necesaria unha puntuación mínima de 8 puntos para que a solicitude sexa subvencionada.

A valoración de cada expediente de solicitude farase en función dos seguintes criterios:

a) Situación económica (RPC-renda per cápita anual)

Renda inferior a 3.000 €	10 puntos
Renda entre 3.001 e 4.000€	9 puntos
Renda entre 4.001 e 5.000€	8 puntos
Renda entre 5.001 e 6.000€	7 puntos
Máis de 6.000 €	0 puntos

b) Situación laboral

Distancia do centro de traballo ao centro educativo superior a 30km.	2 puntos
Traballo a quendas de calquera dos proxenitores	2 puntos
Antigüidade no posto de traballo inferior a un ano de calquera dos proxenitores	1 puntos

c) Situación social

Familia monoparental	1 puntos
Violencia de xénero	1 punto
Familias numerosas	1 punto

d) Situación de saúde

Discapacidade física ou psíquica do/a menor	1 punto
Discapacidade física e/ou psíquica dalgún dos proxenitores, titores legais ou dalgún outro membro da unidade de convivencia	1 punto

Cálculo da renda familiar:

Os ingresos familiares calcularanse por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Os membros da unidade familiar que presentasen Declaración do Imposto sobre a Renda do exercicio 2019, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 392 (base imponible xeral) e a 405 (base imponible do aforro) da Declaración. No caso de exención legal de presentar a Declaración da Renda, presentarase Certificado de estar exento desta, na que tamén consten os datos sobre os ingresos que posúe a Axencia Tributaria.

Renda per cápita: Para a valoración das solicitudes, a aqueles solicitantes que non superen os ingresos familiares anuais antes sinalados, calcularáselle a renda per cápita da unidade familiar, dividindo a renda familiar entre o número de membros computables da unidade familiar. Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar (pai, nai, neno/a e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Membros computables:

- 1.- Considerarase membro computable da unidade familiar os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor/a ou a persoa encargada da garda e protección do/a menor, o/a solicitante, os irmáns ou irmás con discapacidade física, psíquica ou sensorial que convivan no domicilio familiar ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, e os irmáns ou irmás menores de idade, con excepción dos emancipados, e os irmáns solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- 2.- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos citados anteriormente.
- 3.- No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor ou titor/a co neno/a, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia. No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel que non conviva co alumno/a. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.
- 4.- No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do neno/a que convivisen con el e que aínda figure empadroadado, acreditarase mediante certificado de defunción ou fotocopia do libro de familia onde figura esta circunstancia.
- 5.- A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que a determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- 6.- No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.
- 7.- Nos supostos en que o solicitante da axuda sexa un menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores.
- 8.- Nos casos de violencia de xénero, quedarán excluídos no cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

7. SOLICITUDES

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria deberán presentarse en impreso oficial no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados dende o seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

